As 7 Parroquias
A REVISTA DO CONCELLO DE CEDEIRA
outubro de MMXIX - número13

Máis de 5,6 millóns de euros para este ano

O goberno municipal administrará ata final de ano máis de 5,6 millóns de euros, que é a cuantía dos orzamentos aprobados en agosto pola corporación municipal e que van permitir resolver as necesidades máis inmediatas, sobre todo as sociais, e os investimentos máis urxentes.

Dentro deste último apartado cómpre destacar os 40.000 euros consignados para renovar a área expositiva do castelo da Concepción, e tamén os 120.000 euros que o executivo local investirá na rede municipal de camiños. Ademais, está previsto acometer obras de mellora no colexio Nicolás del Río, valoradas en 11.000 euros, e instalar un elevador no pavillón, cuxo gasto estimado é superior aos 14.000 euros.

Segue na páx. 3

A ampliación da escola infantil acabará este ano

A empresa Prace Servicios y Obras, contratada pola Xunta para a ampliación da escola infantil, traballa desde o verán na execución dunhas obras que estarán rematadas ao final do ano e para as que o Concello cedeu o edificio anexo ao centro actual. Alén disto, a Administración local contribuirá coa cantidade de 41.000 euros ao financiamento dunha intervención que incrementará ata as 78 prazas un servizo para nenos e nenas de 0 a 3 anos. Ata agora, a matrícula era dun máximo de 58 menores.

Segue na páx. 5

sumario

» O Concello substituirá máis de 500 lámpadas VSAP. Páx. 4

» As xeorrutas levan mobilizadas 2.000 persoas desde o ano 2016. Páx. 4

» A campaña turística estival rexistra unhas cifras excepcionais Páx. 5

» Cedeira xa conta co seu primeiro centro de ocio xuvenil Páx. 6

» Mellora a calidade da auga das praias Páx. 7

» O Camiño Real, as rúas Mariñeiro, Ponte Nova e As Pontes e a avenida Area estrean beirarrúas Páx. 7

EDITA: Concello de Cedeira

A vila afianzouse como referencia deportiva estival

O goberno municipal fomenta o deporte ao longo de todo o ano, pero é nos meses de verán cando a actividade se intensifica e se torna máis visible porque moitas das probas e competicións teñen lugar ao aire libre.

Así se puxo de manifesto con motivo da carreira popular, da travesía a nado, dos xogos populares, do día da bici, do bautismo de mar e mesmo do torneo de baloncesto que tivo como referencia o parque Floreal. Só nestas seis convocatorias participaron uns 1.000 deportistas.

O edil de Deportes, Jesús Romero Carracelas, valorou tanto esa elevada participación como o número de seguidores que asistiu a cada unha delas. Tamén destacou o éxito, un ano máis, da Semana Infantil, convocatoria previa aos días grandes dos festexos patronais e coa que se trata de fomentar a actividade física entre os menores de catorce anos dun xeito lúdico e entretido. A carreira de sacos e as probas de atletismo volveron ser algunhas das citas máis populares.

O torneo de fútbol praia celebrado sobre a area da Magdalena tampouco defraudou nin polo número de equipos participantes, que foron 48 entre un total de catro categorías, nin polo éxito de público que, en horario de mañá e tarde, secundou coa súa presenza unha convocatoria xa tradicional dentro do calendario deportivo estival da localidade.

O tríatlon, no *top ten*

Cedeira acolleu o Campionato Galego Infantil de Tríatlon, unha proba que reuniu 320 atletas e que serviu para que a escola Javi Gómez Noya, do Tríatlon Ferrol, tivese a posibilidade de se confirmar como o segundo mellor equipo da comunidade autónoma galega, ao obter un total de 640 puntos. Os anfitrións do Club Natación Cedeira Muebles García, cunha puntuación de 451 puntos, quedaron dentro do *top ten* autonómico, cun destacado oitavo posto.

35 equipos de fútbol sala

A competición de fútbol sala, que rematou o día 7 de agosto, triplicou a participación con respecto ás pasadas edicións. Un total de 35 equipos competiron no torneo de fútbol sala Vila de Cedeira, que nas modalidades infantil e sénior chegou este ano á súa trixésimo sexta edición.

O pádel deixou un bo sabor de boca

Un total de 80 parellas competiron no torneo de pádel organizado polo Club de Tenis e Pádel da localidade, que contou coa colaboración do Concello de Cedeira. A competición deu como resultado que os premios da segunda, terceira e cuarta categoría masculina foron para Esteban e Tomás Cheda, Antonio Aneiros e Cristian Pájaro e Iago e Simón, respectivamente. Pola súa parte, Ivana e Malusi conseguiron o primeiro premio da categoría feminina, mentres que Inés e Ángel se proclamaron campións na modalidade mixta.

A localidade mantén a súa tradición remeira

O Concello de Cedeira e o Club de Remo da localidade estiveron un ano máis á fronte da organización da bandeira local de traiñeiras que se celebrou o día 4 de agosto e na que resultou gañadora a tripulación do Club de Remo Esteirada (Muros). Un total de nove clubs da liga galega B de traiñeiras participaron nunha proba, na que o club local acabou sexto. Os remeiros cubriron unha distancia de 5.556 metros e os equipos repartíronse un total de 5.000 euros en premios. A regata foi seguida por moito público.

O baloncesto reuniu un total de 24 formacións

O torneo de 3x3 de baloncesto -que consiste en partidos de doce minutos de duración cunha única canastra- reuniu este verán en Cedeira un total de 24 equipos. Na competición, que estivo organizada polo Concello e que conta na vila cun importante número de seguidores, puideron verse tamén os tan esperados lanzamentos de triplos e as probas de habilidade que fixeron as delicias do público asistente. O goberno promove a actividade física coa organización de diferentes competicións ao longo de todo o ano.

Un orzamento de 5,6 millóns de euros para 2019

Máis de 5,6 millóns de euros. Esa é a cantidade que o goberno municipal administrará na recta final do ano despois de sacar adiante os primeiros orzamentos do presente mandato. Trátase dun proxecto contable para "cubrir as necesidades, especialmente as sociais, e para acometer os investimentos máis urxentes", tal e como no seu momento explicou o alcalde, Pablo Moreda Gil.

O goberno municipal, que xa está a traballar nas contas do próximo ano, incluíu nas que acaba de aprobar a reparación de camiños, por un importe global de 120.000 euros; o proxecto de remodelación da área expositiva do castelo da Concepción, para o que existe unha previsión de gasto de aproximadamente 40.000 euros, e o pintado exterior do edificio da biblioteca, por un total de 7.000 euros.

Outras partidas que cómpre destacar son a compra de camas xeriátricas (10.000 euros), a reparación da estrutura e cuberta do colexio Nicolás

del Río (11.000 euros), a instalación dun elevador no pavillón polideportivo (14.450 euros).

No documento tamén están incluídas as axudas nominativas e de libre concorrencia que recibirán as entidades culturais, deportivas e culturais, que son as correspondentes ao presente exercicio económico. A cuantía global destas subvencións supera os 235.000 euros.

Licitan a obra do castelo da Concepción

O goberno municipal acaba de sacar a licitación a obra de remodelación da área expositiva do castelo da Concepción. O investimento achégase aos 40.000 euros e o Concello conta coa axuda da Deputación para financiar uns traballos cos que se pretende renovar o mobiliario (estantes, vitrinas e mostrador de recepción), mellorar a iluminación, instalar pantallas LED e colocar luces de emerxencia, entre outras melloras. A obra realízase con base nun convenio de colaboración asinado entre ambas as institucións. No acordo recoñécese a necesidade de adaptar o centro de interpretación aos restos descubertos no xacemento do Sarridal para achegar a historia local a todo o público. Deste xeito, incrementaríase, ademais, o atractivo que xa ten a fortaleza ao pór o lugar de exposición en relación directa co achado nas súas inmediacións. O fortín recibiu un total de 5.670 visitantes ao longo do pasado verán.

"Cedeira Informa", un servizo de WhatsApp de carácter municipal

Cedeira Informa é un servizo municipal, vía WhatsApp, para manter informada a cidadanía das novidades da axenda municipal.

Para recibir mensaxes hai que gardar na lista de contactos o número 604 024 266 co nome de "Cedeira Informa" e enviar a mensaxe "alta información Concello de Cedeira". A continuación, ao teléfono da persoa solicitante chegará unha confirmación de alta no servizo e a partir dese momento comezará a recibir as novas que poidan ser do seu interese.

Servizos Sociais activa catro actividades este curso

O Concello de Cedeira, a través da Concellaría de Servizos Sociais, programou un total de catro actividades para o presente curso. Trátase de iniciativas dirixidas a persoas maiores, con problemas de mobilidade ou algún tipo de discapacidade. Ximnasia terapéutica, obradoiro de memoria, baile activo e informática son os contidos dunha programación que arrancará nuns días e que se prolongará ata o mes de xuño. O curso dará comezo coas actividades de baile activo e ximnasia terapéutica, que se impartirán na sala Áncora e na cafetaría do auditorio, respectivamente. Segundo informa a concelleira de Servizos Sociais, Magdalena Pérez Villar, o obradoiro de memoria impartirase a partir do próximo mes de novembro.

Pérez Villar sinalou tamén que este tipo de convocatorias están pensadas para favorecer a socialización das persoas de idade, para incrementar os seus coñecementos, como acontece co obradoiro de memoria, e para ofrecerlles recursos que estean ao mesmo nivel das súas necesidades.

Substituír as lámpadas VSAP, prioridade do executivo local

Reducir a factura eléctrica e mesmo a emisión de gases contaminantes son as principais razóns polas que o Concello está a substituír na rede de iluminación pública as lámpadas de vapor de sodio VSAP por outras de tecnoloxía LED. É dicir, conséguese menor consumo, impacto ambiental e mantemento fronte á contaminación atmosférica e de luz e un gasto eléctrico superior.

Estas premisas son as que se acaban de materializar nas rúas Valdoviño, San Sadurniño, As Pontes de García Rodríguez, Neda, Viveiro, A Capela, Amor Hermoso, Cerdido, A Pitilleira, Laguna, Floreal, Doutor Tomás Pita Álvarez, Deportes, Paimpont, Coruña, Río da Veiga, a travesía Praia e Camiño Real da Magdalena, nas que foron retiradas 75 antigas lámpadas VSAP e trocadas por outras de tecnoloxía LED de 58 e 85 W de potencia.

Estas intervencións completaranse agora ademais coa obra que se levará a cabo na avenida Castelao e que dará

lugar á substitución dun total de 97 luminarias LED.

A idea do goberno tamén é trasladar esta política enerxética á zona rural. De feito, o executivo xa traballa na realización dun proxecto para substituír 517 lámpadas VASP en varios puntos das parroquias de Montoxo (243 unidades), Esteiro (113), Piñeiro (55), Cedeira (88) e A Régoa (18).

As xeorrutas, 2.000 turistas en tres anos

Cedeira ten na xeoloxía unha moi boa aliada para a promoción turística do seu territorio. Así o poñen de manifesto as máis de 2.000 persoas que, desde o ano 2016, veñen participando no programa Xeorrutas, que combina coñecemento, actividade física e un plan alternativo ao turismo máis convencional de sol e praia.
Nesta cantidade xa están incluídos os 507 turistas que realizaron as cinco rutas que estiveron operativas durante o verán que acaba de rematar. Foron un 1,4% máis dos recollidos na estatística do ano anterior e a cifra representa un incremento dun 15% con respecto aos datos da primeira edición do programa. A ocupación aproximouse ao 100%, no caso das rutas do Cromo, do Litoral e dos Cantís, e foi completa na Ruta das Praias Negras e na do Granate. O goberno local valora satisfactoriamente estes bos resultados, por considerar que veñen apoiar a súa política de promoción turística.

Novos asfaltados en catro camiños

O plan municipal de mellora de camiños públicos dará lugar a catro novas intervencións actualmente en fase de licitación. En concreto, trátase das vías situadas en Piñeiro, O Campón, A Pasada e nos Edreiros. O gasto previsto polo Concello para financiar as obras ascende a 67.518,28 euros.

Os traballos consistirán na reparación das estruturas viarias, que actualmente presentan distintas deficiencias, mediante tratamentos asfálticos e selado en toda a superficie, así como na limpeza das gabias e na aplicación dunha capa de macádam nos tramos que se atopen en peor estado de conservación. No seu conxunto, serán máis de 2,5 quilómetros de reformas coas que se busca mellorar a seguridade viaria e mesmo a comunicación por Cedeira.

Mellora o servizo de recollida do lixo

O Concello de Cedeira mellorou o servizo de recollida do lixo na zona rural coa construción de bases de cemento e coa instalación de sistemas de retención para evitar o desprazamento dos colectores.

A obra, xa executada pola empresa Prieto Mouriz por un importe superior aos 17.000 euros, deu lugar a un total de 40 intervencións noutros tantos lugares das sete parroquias que conforman o termo municipal cedeirense. As Pontigas, As Barrosas, Remesal, Rabadán, San Miguel e Fragoso están entre eles.

O goberno municipal trata así de prolongar a vida útil dos colectores, ofrecer un mellor servizo á veciñanza e evitar posibles accidentes pola presenza dos colectores na rede de infraestruturas viarias.

Santo André de Teixido, pura atracción

O santuario de Santo André de Teixido é o segundo lugar de peregrinación máis importante de Galicia, despois de Santiago de Compostela. E así se puxo de manifesto o pasado verán coa presenza case constante de turistas polas rúas dun núcleo no que apenas existen unha ducia de casas e case igual número de veciños. Alén da tradición, que obriga a visitar o lugar de vivo antes de facelo de morto baixo a aparencia dun animal, son moitos os atractivos dun enclave do que se pode gozar de moitas maneiras.

A paisaxe é sen dúbida unha das primeiras impresións que reciben os turistas, que tamén atopan na artesanía local -os colgantes de miga de pan son únicos- un potente sinal de indentidade dunha zona á que, segundo a tradición cristiá, chegaron por mar os restos mortais do apóstolo Santo André. Pero foi na Idade de Ferro cando o lugar comezou a recibir os primeiros visitantes.

A campaña turística do verán "foi excepcional"



O goberno de Cedeira cualifica de excepcional a campaña turística estival, con base nos datos que se acaban de facer públicos.

Estes apuntan a que foron case 7.000 persoas as que pasaron pola oficina de turismo durante o período comprendido entre os meses de xuño e setembro. A demanda de información máis recorrente foi acerca dos sitios que visitar e os establecementos nos que poder descansar ou degustar a gastronomía local, especialmente os produtos do mar.

Trátase dunha boa estatística para un municipio cunha poboación permanente de 6.640 veciños.

Tamén son positivos os números relativos ao castelo da Concepción, unha antiga construción defensiva situada á entrada da ría de Cedeira. Segundo o correspondente cómputo, un total de 5.670 persoas visitaron o monumento patrimonial desde a segunda quincena de xullo ata o pasado mes de setembro.

A esta oferta cabe engadir a iniciativa municipal que, co nome de "Roteiros", tiña como obxectivo dar a coñecer os recunchos máis singulares e característicos da vila. O programa, no que estaban incluídas saídas polo núcleo urbano e mesmo desprazamentos ata o santuario de Santo André de Teixido, rematou o pasado mes de setembro cunha participación superior ao centenar de persoas.

A ampliación da escola infantil rematará este ano

As obras de ampliación da escola infantil marchan a bo ritmo, polo que as previsións sitúan a súa finalización antes de rematar este ano. O proxecto permitirá un notable aumento do número de prazas ofertadas para nenos e nenas de 0 a 3 anos, que pasará de 58 a 78.

O investimento ascende a 141.000 euros. A intervención que se está a levar a cabo pasa pola ocupación dun segundo edificio anexo á actual escola infantil e polo incremento do espazo das aulas, pola reforma completa da cociña e pola colocación dun sistema de ventilación natural na área de descanso para nenos de ata 1 ano.

As instalacións tamén serán dotadas de novos elementos de protección.

Este proxecto obedece ao convenio asinado en 2018 entre a Xunta de Galicia e o Concello de Cedeira, a través do cal a Administración local se comprometeu a colaborar con 41.000 euros no financiamento da obra e a ceder o inmoble necesario para levala a cabo.

O centro xuvenil tivo 700 usuarios durante o verán

Desde a súa posta en servizo, feito que aconteceu o día 17 do pasado mes de xullo, o Centro de Ocio Xuvenil non deixa de recibir novos usuarios. O goberno municipal estima que foron máis de 700 os mozos e mozas os que nos meses de verán atoparon nestas antigas instalacións da estación de autobuses o seu lugar de reunión.

O centro, que permanecerá uns días pechado, volverá abrir as súas portas na primeira fin de semana de outubro. A partir desa data, as instalacións estarán operativas os venres de 18.00 a 21.00 horas e os sábados e domingos de 11.00 a 14.00 e de 18.00 a 21.00 horas. Cómpre lembrar que o executivo local propiciou a materialización deste proxecto ao xestionar ante a Xunta de Galicia a reversión da propiedade e investir ao redor de 25.000 euros na reforma das instalacións. Esa foi a cantidade necesaria para acometer a reforma integral á que foi sometido o edificio e para financiar a adquisición de mobiliario, televisores, libros, xogos e videoconsolas que fan deste primeiro centro xuvenil municipal de Cedeira un lugar atractivo e con posibilidades de ocio para os mozos e as mozas de Cedeira.

Cedeira reivindica a liberdade sexual

O goberno municipal de Cedeira celebrou o Día da Diversidade Sexual cunha concentración para pór de manifesto a necesidade de avanzar nas liberdades das persoas, sexa cal sexa a súa condición sexual, e cun xesto e unha imaxe realizada sobre un banco pintado coas cores da bandeira do colectivo LGTBIQ+. Foron moitos os veciños e as veciñas que secundaron coa súa presenza o acto reivindicativo.

A recollida do lixo mellora na zona rural

O Concello de Cedeira acaba de efectuar obras na zona rural para a mellora do servizo de recollida do lixo.

O proxecto, que xa foi executado, consistiu na construción de bases de cemento e na instalación de sistemas de suxeición para evitar o desprazamento dos colectores.

As melloras, que foron acometidas no conxunto das sete parroquias, sumaron un total de 40 intervencións nas zonas de Montoxo Vello, Igrexa de San Román, Casal de María, San Miguel, Sisalde, Os Edreiros, Gaias da Area, cemiterio de Piñeiro, As Pontigas, cruzamento das Barrosas, Remesal e Rabadán, entre outras.

As obras estiveron a cargo da empresa Prieto Mouriz coa mellor oferta na licitación por un importe total de 17.520,80 euros (IVE incluído).

Leandro Lamas encheu de sereas a Ponte Nova da vila

A vila de Cedeira estase a transformar nun museo ao aire libre da man dunha iniciativa do executivo municipal que consiste en transformar os espazos públicos en arte urbana. Así, ás obras xa executadas no auditorio, estación de bombeo, CEIP Nicolás del Río e biblioteca municipal acaba de sumarse a realizada por Leandro Lamas nas vigas que soportan a ponte que comunica a praza do Peixe coa rúa Ponte Nova. Agora, o formigón quedou solapado baixo uns debuxos moi artísticos, cheos de cor e nos que as sereas acaparan todas as olladas.

Na fronte da ponte que dá á ría tamén se poden ler os versos “O norte é poema en si mesmo, é perfume e canción”, dos que é autora a cantante local Gaudi Galego.

A obra da variante das Pontigas xa está en fase de construción

Os traballos xa están en marcha desde o pasado mes de maio

Desde maio xa está en marcha a obra que suporá a modificación do trazado da estrada DP-2204 ao seu paso polo núcleo das Pontigas, un proxecto financiado pola Deputación e contratado por unha cantidade superior aos 700.000 euros. A intervención consiste na realización dunha nova vía de máis de 1,2 quilómetros e no acondicionamento dun enlace de 300 metros para salvar un núcleo con edificacións moi próximas á actual estrada.

Os núcleos Casal de María e Vila do Río terán saneamento en breve

Os traballos que ampliarán a rede municipal de saneamento aos núcleos de Casal de María e Vila do Río, ambos os dous pertecentes á parroquia de San Román de Montoxo, xa están en marcha. O prazo de execución da obra é de 28 días naturais e o seu investimento supera os 76.800 euros. As canalizacións, que no seu conxunto discorrerán ao longo dun quilómetro, terán por obxectivo recoller as augas residuais ata a EDAR de Montoxo.

Dous novos núcleos da parroquia de Montoxo incorporaranse á rede municipal

Rematadas beirarrúas para favorecer a mobilidade aumentando o ancho

O Concello repuxo novos tramos de beirarrúas en distintas zonas da área urbana da vila

Xa están en servizo os novos tramos de beirarrúas que o Concello de Cedeira levou a cabo no Camiño Real da Magdalena, nas rúas Mariñeiro, Ponte Nova e As Pontes e na avenida Area. O importe da actuación superou os 143.000 euros e os traballos consistiron na substitución dos tramos deteriorados por outros máis adecuados ás características e condicións das infraestruturas afectadas. O goberno municipal valora os resultados alcanzados.

Mellora a calidade da auga nas praias

O goberno de Cedeira recibiu a mellor das noticias de cara á temporada estival. Os controis que a Consellaría de Sanidade realiza nas zonas de baño confirmaron a boa dirección da política local neste ámbito, xa que tanto a praia da Magdalena como a de Arealonga melloran resultados con respecto ás anteriores temporadas. Así, a primeira alcanza unha clasificación sanitaria de boa, cando chegou a tela de insuficiente, e a de Arealonga consegue a mellor de todas, cun nivel sanitario excelente.

Estas clasificacións son o resultado dun período de avaliación realizado durante as primeiras semanas de verán, aínda que o sistema de control continuará ao longo dos próximos meses coa recollida de mostras cunha periodicidade quincenal. Son moitos os factores que inflúen na calidade das augas de baño, pero, sen dúbida, os esforzos que o Concello de Cedeira está a levar a cabo para mellorar o sistema de saneamento resultan incontestables.

A obra da rúa Convento, case finalizada

O Concello de Cedeira informa de que está a piques de rematar a obra que, executada pola empresa Canosa, deu lugar á renovación integral da rúa Convento, unha vía de 45 metros de lonxitude e situada entre a rúa María Mediadora e a avenida Area. O proxecto, adxudicado por 49.190 euros, consistiu na substitución do actual pavimento por outro de granito, na renovación do mobiliario urbano e mesmo na substitución dos servizos de saneamento e electricidade. Tres xardineiras, dúas papeleiras, catro luminarias e un total de cinco bancos (catro dobres e un triplo) son os novos elementos urbanos.

Discalz@s polo Festival: unha familia con paixón pola música

Sempre hai un punto no que todo comeza. No caso da Asociación Cultural Discalz@s polo Festival, este punto de partida estivo na homenaxe que Fernando Pardo quixo render á súa irmá con motivo da súa xubilación.

Ocorréuselle celebralo cun concerto, que pasará á historia como "Homenaxe a Benigna do Xarmolo". Máis tarde, a entidade cultural recuperou a idea coa intención de favorecer a difusión da música en xeral -e, de maneira particular, a que se fai en Galicia-, de apostar polos grupos locais e de combinar diferentes ritmos e estilos.

A iniciativa foi un éxito e consolidouse rapidamente. O pasado verán, a vila de Cedeira acolleu a quinta edición do Discalz@s Festival, que este ano tivo un orzamento total de 55.000 euros, cando no 2014 arrancaba con pouco máis de 2.000.

Polo escenario da praza da Revolta pasaron Heredeiros da Crus, Ruxe Ruxe, Los Eternos, Víctor Aneiros, Terbutalina, a Banda de Gaitas, e mais a Banda Municipal e o grupo Batukada, entre outras formacións. Con este cartel, a Asociación Discalz@s polo Festival garantiu a participación de 85 músicos locais nun encontro que demostra que con compromiso e obxectivos claros os bos proxectos saen adiante.

Estes obxectivos son os que aínda hoxe segue a compartir "unha gran familia", da que Fernando Pardo (Patato) é o presidente. Berta Martínez ocúpase da tesouraría e Alejandro González (Zubi) actúa como secretario. Vicente Villar (Vizen), David García (Jaimiño), Juan García (Moco), Marcos Suárez (Jevi), Fernando Iglesias (Fer) e Ángel Díaz tamén forman parte da directiva en calidade de vogais.

A boa sintonía entre os membros da asociación tamén fixo posible que Discalz@s polo Festival se puxese á fronte da Festa dos Maios, que convocase a Festa da Pista, con música dos anos 60 e 70, e que comezase a impartir clases de batucada e de guitarra para fomentar a educación musical entre a poboación local. Porque a idea é "encher de música todos os recunchos da vila de Cedeira", segundo aseguran os seus directivos.

Séntense especialmente orgullosos de que Discalz@s Festival se coase este ano nas aulas coa formación do grupo "Xalundes", composto por alumnado do IES Punta Candieira, e cunha actividade creativa na que participou a rapazada do CEIP Nicolás del Río.

Estes resultados tamén son compartidos polos 250 socios que participan no mantemento da asociación, que recibe axudas públicas do Concello e da Deputación. A corporación municipal, ademais, cedeulle o local situado en Piñeiro que se está a utilizar como centro de formación e como sede social.

A venda de camisetas e a xestión da barra durante o festival son importantes fontes de ingresos para unha asociación que pretende promocionar a cultura ao longo de todo o ano e trasladar as citas musicais a diferentes espazos urbanos.

Con seguridade esta asociación conseguirá manter esta liña frutífera, do mesmo xeito que logrou fomentar a conciencia ambiental entre os asistentes aos concertos, mediante medidas de racionalización no uso dos plásticos para que non se xerasen tantos residuos na praza.

IMPRIME: CONCELLO DE CEDEIRA